



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

CONCELLO DA BAÑA

CONVENIO DEFINITIVO DE CESIÓN DE TERREOS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE "MELLORA DO PRIMEIRO TREITO DO CAMIÑO DE MONELOS"

A Baña a 30 de Xaneiro de 2025

EXPE TEDEC: 2024/U048/000002 (*Convenio de Cesión de terreos*)

EXPE. TEDEC: 2024/G006/000182 (*Proposta-ditame*)

EXPTE. TEDEC: 2024/G012/000011 (*Comisión Informativa*)

EXPTE. TEDEC: 2024/G010/000008 (*Pleno*)

EXPTE TEDEC: 2024/G010/000009 (*Pleno*)

COMPARECEN:

Dunha parte: Ramón Varela González, Adriana Varela Fernández, María Cristina

Varela Fernández, Beatriz Varela Fernández e María del Carmen Peñamaría Mallón.

Doutra parte: Jose Antonio Pereira Gil, como Alcalde Presidente do Concello da Baña e como asesora a Secretaria – Interventora do Concello, Olga Dourado González.

1.- Visto que por acordo plenario de data 25/09/2024 acordouse aprobar o texto inicial do convenio urbanístico para a cesión de terreos para a execución do proxecto de "Mellora do primeiro treito do camiño de Monelos"

2.--Visto que se procedeu á información pública mediante anuncio inserto no DOGA n.º 204 do 22/10/2024 e no xornal La Voz de Galicia do 24/10/2024.

Visto que en data 25/11/2024 remata o período de información pública por prazo de un mes sen que ata o momento se teñan presentado alegacións de tipo algún.

Considerando que, de acordo co disposto no artigo 168.4 da Lei 2/20216 de 10 de febreiro do Solo de Galicia e 401 do seu regulamento "o texto definido dos convenios terá que ser ratificado polo órgano competente debendo de asinarse dentro dos 15 días seguintes á notificación da aprobación do texto definitivo pola persoa ou persoas interesadas, privadas ou públicas. Transcorrido este prazo sen que este convenio fora asinado, quedará sen efecto".

Visto que o Pleno da Corporación en sesión ordinaria realizada en data 27 de novembro de 2024 adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Ratificar o texto inicial do convenio urbanístico descrito nos antecedentes e que consta como anexo I, por non terse producido alegacións, melloras ou emendas de tipo algún.

SEGUNDO. Declarar, en consecuencia, que este Concello dispón dos terreos necesarios para a execución do proxecto de "Mellora do primeiro treito do camiño de Monelos".

TERCEIRO. Notificar o presente acordo aos interesados para proceder a asinar, dentro dos 15 días seguintes á notificación da aprobación, o texto definitivo do Convenio.

Procede, de conformidade co sinalado no citado artigo no artigo 168.4 da Lei 2/20216 de 10 de febreiro do Solo de Galicia e 401 do seu Regulamento, asinar o CONVENIO DEFINITIVO co contido integro que se sinala no seguinte:

ANEXO I

CONVENIO DE CESIÓN DE TERREOS PARA EXECUCIÓN DO PROXECTO de "MELLORA DO PRIMEIRO TREITO DO CAMIÑO DE MONELOS"

A Baña a 14 de agosto de 2024

COMPARECEN:

Dunha parte: Ramón Varela González, Adriana Varela Fernández, María Cristina Varela Fernández, Beatriz Varela Fernández y María del Carmen Peñamaría Mallón.

Doutra parte: Jose Antonio Pereira Gil, como Alcalde Presidente do Concello da Baña.

INTERVEÑEN:

Jose Antonio Pereira Gil, Alcalde Presidente en nome e representación do Concello da Baña.

Ramón Varela González, Adriana Varela Fernandez, María Cristina Varela Fernández, Beatriz Varela Fernández, no seu nome e dereito en calidade de propietarios interesados no procedemento de Mellora do Primeiro Treito do Camiño de Monelos.

María del Carmen Peñamaría Mallón, no seu nome e dereito en calidade de propietaria interesada no procedemento de Mellora do Primeiro Treito do Camiño de Monelos.

As partes recoñécense capacidade legal suficiente para subscribir o presente Convenio, e a tal efecto

EXPOÑEN:

O Proxecto de Mellora do Primeiro Treito do Camiño de Monelos, elaborado por Estudio Técnico Gallego SA, en xaneiro de 2024, foi aprobado no POS 2024 polo pleno do Concello da Baña o 7 de febreiro de 2024, o cal foi autorizado polo Servizo de Patrimonio por medio de Resolución de 8 de maio de 2024, notificado ao Concello o 9 de maio de 2024, recaída no Expediente 2280/2019 de ampliación do Camiño de Monelos.

No Proxecto de Mellora do Primeiro Treito do Camiño de Monelos no punto II do mesmo recóllese a descrición das obras e xustificación da solución adoptada:

"Preténdese a ampliación, afirmado e instalación de servizos no Camiño de Monelos, no núcleo de A Baña.

Para tal fin levaráanse a cabo as seguintes actuacións:

- *Demolición de muros e pavimento existente.*
- *Despexe, desbroce e acondicionamento da zona de actuación.*
- *Canalización do saneamento mediante 39 m. tubo de PVC de 315 mm. De diámetro, 2 pozos de rexistro e as correspondentes arquetas.*
- *Canalización de pluviais mediante 39 m. tubo de PP de 400 mm. de diámetro, 2 pozos de rexistro e as correspondentes arquetas.*
- *Canalización de abastecemento mediante 39 m. de tubo de polietileno alta densidade de 90 mm de diámetro exterior e 10 Atm. de presión e a correspondente valvulería.*
- *Construción de 24,6 m. na zona norte e 19,1 m. na zona sur de muros de sillería de 10 cm de espesor, granito moreno abuxardado a dúas caras, con resalte de xunta, de 1,30 m de altura sobre rasante.*

Afirmado da actuación, 39 x 8 m., con 10 cm. de zahorra e 15 de formigón desactivado, incluso mallazo e xuntas de dilatación.

Nos planos, cadros de medicións e presupostos, especificanse as unidades de obra a realizar, así como as características, dotacións e dimensións dos materiais propostos."

En función das necesidades e pretensións municipais, dispoñibilidades orzamentarias, estado das obras e resposta de actuacións similares na zona, considérase que as unidades presupostadas representan a solución máis acorde co fin a acadar."

As partes intervincentes acordan subscribir este convenio urbanístico de planeamiento conforme as seguintes

CLAUSULAS TÉCNICAS:

Por economía administrativa achégase o presente Convenio de Cesión coma Anexo copia do Proxecto de Mellora do Primeiro Treito do Camiño de Monelos.

As partes comparecientes aportan a superficie de terreo da súa propiedade necesaria e indispensable para executar o proxecto de Mellora do primeiro treito do Camiño de Monelos, as partes renuncian a contraprestación económica levándose a cabo a cesión da propiedade dos terreos ao Concello a cambio da execución do proxecto por parte do Concello e a levar a cabo á costa do Concello o peche das fincas e demais actuacións contidas no mesmo na parte colindante o primeiro treito do Camino de Monelos obxecto de mellora.

As partes comparecientes obrigáanse a Permuta / Cesión de terreos para a mellora do primeiro treito do Camiño de Monelos segundo as aliñacións que constan no proxecto de urbanización adxunto.

O Concello obrigáse á construción do muro de peche a ambos lados do camiño de Monelos, xunto á reposición dos servizos e elementos non vexetais afectados conforme á definición e partidas descritas no proxecto aprobado. Procuraráse a adaptación dos peches ó mellor servizo dos predios aos que se vinculan, podendo os aquí asinantes facer pequenas

modificacións dos peches con carácter previo ó inicio da súa construción sempre e cando non supoña un exceso respecto das condicións recollidas no proxecto, e sempre supeditado ao cumprimento da resolución autorizando as obras pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e o articulado da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do Sector Público.

PRAZO DE EXECUCIÓN:

Dadas as características das obras, considérase necesario e suficiente un prazo de SEIS (6) meses para a correcta terminación das mesmas."

Sinaturas



A handwritten signature in black ink.

A handwritten signature in black ink.

A handwritten signature in black ink.

A handwritten signature in black ink.